

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13436 *Real decreto 1087/2015, do 4 de decembro, sobre procedemento, condicións e alcance do recoñecemento das prestacións de incapacidade permanente e morte e supervivencia para o persoal das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado derivado da súa inclusión no réxime xeral da Seguridade Social.*

A disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que deriva do artigo 20 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, recolle a inclusión obrigatoria no réxime xeral da Seguridade Social, con efectos do 1 de xaneiro de 2011, do persoal que se relaciona no artigo 2.1, con excepción do comprendido na letra i), do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, para os efectos exclusivos do recollido na dita norma e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Esta disposición adicional terceira prevé, coas adaptacións que sexan precisas, o respecto, para o persoal militar e das forzas e corpos de seguridade do Estado, do réxime das pensións extraordinarias previsto na normativa de clases pasivas do Estado, así como de determinadas especificidades relacionadas cos tribunais médicos para a declaración da incapacidade ou inutilidade do funcionario.

Por medio deste real decreto procédese, por tanto, ao desenvolvemento regulamentario do disposto na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, para o citado colectivo, en materia de incapacidade permanente e morte e supervivencia.

O respecto ao réxime das pensións extraordinarias previsto na normativa de clases pasivas do Estado supón que o persoal das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado, nos supostos de incapacidade permanente ou falecemento en acto de servizo ou como consecuencia de atentado terrorista, terá dereito á pensión que corresponda conforme a normativa do réxime xeral da Seguridade Social, así como a un complemento extraordinario de pensión equivalente á diferenza entre o importe da pensión por continxencias profesionais da Seguridade Social e a contía da pensión extraordinaria que polo mesmo feito causante correspondese en aplicación das normas do réxime de clases pasivas do Estado. O dito complemento extraordinario financiarase mediante achegas do Estado ao orzamento da Seguridade Social.

Así mesmo, en consonancia co recollido na disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, que indica que a integración dos funcionarios de novo ingreso no réxime xeral da Seguridade Social o é para os exclusivos efectos de clases pasivas, mantense a acción protectora xestionada polas respectivas mutualidades de funcionarios.

Tamén se regula o procedemento para o recoñecemento das prestacións pola entidade xestora da Seguridade Social. A cuestión máis significativa deste procedemento reside no mantemento das xuntas médico periciais da sanidade militar, os órganos periciais especializados en materia de saúde na Garda Civil e os tribunais médicos da Policía Nacional para avaliar a perda de condicións psicofísicas do persoal das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Sobre este real decreto emitiron informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas, o Consello da Garda Civil e o Consello de Policía.

Por isto, en virtude das facultades recollidas na disposición derradeira primeira do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, por proposta da ministra de Emprego e Seguridade

Social, do ministro de Defensa e do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular, en materia de incapacidade permanente e morte e supervivencia, as condicións e o alcance da integración no réxime xeral da Seguridade Social do persoal ao servizo das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado, sempre que o acceso á condición de que se trate se producise a partir do 1 de xaneiro de 2011, así como o procedemento para o recoñecemento das ditas prestacións.

Artigo 2. *Ámbito persoal de aplicación.*

Encóntranse incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto:

a) O persoal militar que se indica a seguir:

1.º Os militares de carreira que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter permanente.

2.º Os militares de complemento que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter temporal.

3.º Os militares de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servizos de carácter temporal.

4.º Os alumnos que ingresen nos centros docentes militares que manteñen unha relación de servizos sen vinculación profesional.

5.º Os reservistas cando se incorporen ás Forzas Armadas que manteñen unha relación de servizos sen vinculación profesional, nos termos previstos no artigo 134 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

b) O persoal do corpo da Garda Civil que se indica a continuación:

1.º Os militares de carreira da Garda Civil que manteñen unha relación de servizos profesionais de carácter permanente.

2.º Os alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil que manteñen unha relación de servizos sen vinculación profesional.

c) Os membros da Policía Nacional que a continuación se indican:

1.º Os funcionarios de carreira do dito corpo.

2.º Os inspectores-alumnos.

3.º Os policías-alumnos.

Artigo 3. *Ámbito material de aplicación.*

1. A cobertura e o recoñecemento das prestacións por incapacidade permanente e morte e supervivencia do persoal a que se refire o artigo anterior levarase a cabo conforme as normas reguladoras do réxime xeral da Seguridade Social, coas particularidades que se regulan neste real decreto.

2. Non obstante, o persoal das Forzas Armadas e da Garda Civil queda excluído da protección outorgada polo réxime xeral da Seguridade Social correspondente á

incapacidade permanente parcial, ás lesións permanentes non invalidantes e ao complemento de grande invalidez a que se refire o artigo 196.4 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro. Para as ditas continxencias manterase a acción protectora prevista na normativa específica do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.

3. O persoal da Policía Nacional queda igualmente excluído da protección da incapacidade permanente parcial, das lesións permanentes non invalidantes e do complemento de grande invalidez a que se refire o precepto citado no número anterior. Para as ditas continxencias manterase a acción protectora prevista na normativa específica do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado.

CAPÍTULO II

Procedemento para o recoñecemento de prestacións

Sección 1.^a Incapacidade permanente

Artigo 4. *Procedemento para a avaliación das condicións psicofísicas do persoal das Forzas Armadas e da Garda Civil.*

1. Será competencia do Ministerio de Defensa, calquera que sexa a entidade xestora ou entidade colaboradora que cubra a continxencia de que se trate:

a) Para o persoal das Forzas Armadas, determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas segundo o procedemento previsto nos artigos 83 e 120 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

b) Para o persoal da Garda Civil, determinar se existe insuficiencia de condicións psicofísicas segundo o procedemento previsto nos artigos 57 e 100 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil.

2. No marco do expediente para a determinación das condicións psicofísicas o Ministerio de Defensa efectuará as seguintes actuacións:

a) Conformar, a través da sanidade militar, a historia clínica que debe servir de base no procedemento para a avaliación e cualificación das situacións de incapacidade permanente que afecten o persoal militar e da Garda Civil.

b) Emitir, a través da Xunta Médico Pericial, un informe médico de síntese en que quedarán recollidos o historial clínico da sanidade militar, os informes doutros facultativos que proporcione o interesado e, se for o caso, o resultado das probas complementarias que se solicitasen.

c) Emitir un ditame a Xunta Médico Pericial ou o persoal especializado competente en materia de saúde na Garda Civil, constituído como órgano médico pericial, no cal se avalíen as condicións psicofísicas do interesado para o exercicio da función militar ou de garda civil.

O ditame emitido pola Xunta Médico Pericial ou polo persoal especializado competente en materia de saúde da Garda Civil poderá determinar:

1.º A aptitude plena para o exercicio da profesión militar ou de garda civil.

2.º A perda total das condicións psicofísicas para o exercicio da profesión militar ou de garda civil que ocasiona unha incapacidade, así como, se for o caso, a súa orixe en acto de servizo.

3.º A existencia de anomalías no comportamento e/ou variantes desadaptativas en relación con trazos da personalidade incompatibles coa función militar ou de garda civil, que non fosen agravadas polo servizo, non detectadas nas probas de ingreso e preexistentes ao ingreso.

d) Emitir o órgano competente resolución en que se declare, segundo os casos, o cesamento da relación de servizos profesionais en virtude de retiro ou a rescisión do compromiso por insuficiencia de condicións psicofísicas.

3. A resolución do órgano competente do Ministerio de Defensa a que se refire a letra d) do número anterior pronunciárase, se for o caso, sobre a orixe da continxencia en acto de servizo e notificárase ao interesado, xunto co ditame emitido para o efecto, o historial clínico e o informe médico de síntese.

A dita resolución do órgano competente do Ministerio de Defensa será vinculante para o Instituto Nacional da Seguridade Social no seu pronunciamento sobre a perda de condicións psicofísicas que implique a anulación da capacidade do interesado para o exercicio da profesión militar ou de garda civil.

Artigo 5. Procedemento para a avaliación das aptitudes psicofísicas do persoal da Policía Nacional.

1. Será competencia do Ministerio do Interior, calquera que sexa a entidade xestora ou entidade colaboradora que cubra a continxencia de que se trate, a avaliación da insuficiencia das aptitudes psicofísicas do persoal da Policía Nacional para o desempeño da súa función policial, de acordo co previsto na Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, de réxime de persoal da Policía Nacional.

2. No marco do expediente para a determinación das aptitudes psicofísicas, o Ministerio do Interior efectuará as seguintes actuacións:

a) Solicitar do interesado, a través do Tribunal Médico da Dirección Xeral da Policía, a historia clínica que debe servir de base no procedemento para a avaliación e cualificación das situacións de incapacidade permanente que afecten o persoal da Policía Nacional, así como, se for o caso, requirir da entidade que preste a asistencia sanitaria ao funcionario, a través da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, a práctica das probas diagnósticas que se consideren necesarias para tales efectos.

b) Emitir, a través do Tribunal Médico da Dirección Xeral da Policía, o informe médico de síntese no cal quedarán recollidos o historial clínico, os informes doutros facultativos que proporcione o interesado e, se for o caso, o resultado das probas complementarias que se solicitasen.

c) Emitir un ditame o citado Tribunal Médico no cal se avalíen as aptitudes psicofísicas do interesado para o exercicio da profesión de funcionario da Policía Nacional.

O ditame emitido polo Tribunal Médico poderá determinar:

1.º A aptitude plena para o desempeño das funcións propias da Policía Nacional.

2.º A perda total das condicións psicofísicas para o exercicio da profesión de Policía Nacional, que ocasiona unha incapacidade.

3.º A existencia de anomalías no comportamento e/ou variantes desadaptativas en relación con trazos da personalidade incompatibles coa función de policía, que non fosen agravadas polo servizo, non detectadas nas probas de ingreso e preexistentes ao ingreso.

d) Emitir o órgano competente resolución en que se declare o cesamento da relación de servizos profesionais en virtude de incapacidade.

3. A resolución do órgano competente do Ministerio do Interior a que se refire a letra d) do número anterior pronunciárase, se for o caso, sobre a orixe da continxencia en acto de servizo e notificárase ao interesado. Igualmente, remitiráselle o ditame do Tribunal Médico da Dirección Xeral da Policía, o historial clínico e o informe médico de síntese.

A resolución do órgano competente do Ministerio do Interior será vinculante para o Instituto Nacional da Seguridade Social no seu pronunciamento sobre a perda de condicións psicofísicas que implique a anulación da capacidade do interesado para o exercicio da profesión de funcionario da Policía Nacional.

Artigo 6. *Competencia en relación co procedemento para o recoñecemento do dereito ás prestacións económicas.*

1. Será competencia do Instituto Nacional da Seguridade Social:

a) Avaliar, cualificar e revisar a incapacidade permanente nos graos de total e absoluta conforme o disposto no artigo 194 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. Para a cualificación da incapacidade permanente en grao de total será vinculante para ese instituto a resolución do órgano competente do Ministerio de Defensa ou do Interior no seu pronunciamento sobre a perda de condicións psicofísicas que implique a anulación da capacidade do interesado para o exercicio da profesión militar, de garda civil ou de funcionario da Policía Nacional.

b) Recoñecer o dereito ás prestacións económicas contributivas da Seguridade Social por incapacidade permanente, nos graos de incapacidade permanente total para a profesión habitual e incapacidade permanente absoluta para todo traballo.

c) Cantas outras funcións e competencias lle estean atribuídas pola lexislación vixente en materias análogas ás enumeradas nas letras anteriores, en canto entidade xestora da Seguridade Social, e para as prestacións cuxa xestión ten encomendada.

d) Determinar a continxencia, común ou profesional, que orixine a situación de incapacidade permanente do persoal militar, de garda civil ou do funcionario da Policía Nacional atendendo, se for o caso, á declaración previa de acto de servizo emitida pola autoridade competente do Ministerio de Defensa ou do Ministerio do Interior.

e) Determinar a entidade responsable do aboamento das prestacións económicas de incapacidade permanente.

2. Para o exercicio das facultades sinaladas no número anterior serán competentes os directores provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social da provincia en que teña o seu domicilio o interesado.

Artigo 7. *Tramitación do procedemento para o recoñecemento do dereito ás prestacións económicas.*

1. O procedemento para avaliar a incapacidade para o recoñecemento do dereito ás prestacións económicas por incapacidade permanente iniciarase por instancia do interesado ou do seu representante legal, ante o Instituto Nacional da Seguridade Social, unha vez emitida polo órgano competente do Ministerio de Defensa a resolución en que se acorde o cesamento da relación de servizos profesionais en virtude de retiro ou a rescisión do compromiso por insuficiencia de condicións psicofísicas, ou polo órgano competente do Ministerio do Interior o cesamento da relación de servizos profesionais en virtude de incapacidade permanente.

2. Para tales efectos, o interesado deberá presentar ante a dirección provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social a solicitude no modelo oficial correspondente, á cal se xuntará a documentación sinalada nela.

O persoal das Forzas Armadas ou da Garda Civil presentará, xunto coa solicitude, a resolución do órgano competente do Ministerio de Defensa en que se declare, se for o caso, o cesamento da relación de servizos profesionais en virtude de retiro ou a resolución do compromiso por perda de condicións psicofísicas, a que se refire o artigo 4.2.d), así como os restantes documentos recibidos e que se citan no artigo 4.

O persoal da Policía Nacional presentará, xunto coa solicitude, a resolución do órgano competente do Ministerio do Interior en que se declare o cesamento da relación de servizos profesionais en virtude de incapacidade permanente, a que se refire o artigo 5.2.d), así como os restantes documentos recibidos e que se citan no artigo 5.

3. Unha vez presentada a solicitude, o Equipo de Valoración de Incapacidades emitirá e elevará ao director provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social un ditame-proposta sobre a anulación ou diminución da capacidade para o traballo por existencia de situacións de incapacidade permanente, cualificación destas situacións nos graos de incapacidade permanente total ou absoluta e continxencia determinante, así

como o prazo a partir do cal se poderá instar a revisión de grao por agravación ou melloría. Para tales efectos, terá en conta a resolución do órgano competente do Ministerio de Defensa ou do Interior nos termos previstos nos artigos 4.3 e 5.3.

4. Cando as características clínicas do interesado o aconsellen, ou cando a información clínica que figure no expediente resulte insuficiente, o Instituto Nacional da Seguridade Social poderá solicitar á Sanidade Militar ou á Dirección Xeral da Policía a emisión doutros informes e a práctica de probas e exploracións complementarias.

5. O procedemento será impulsado de oficio e adecuarase ás normas xerais do Real decreto 1300/1995, do 21 de xullo, polo que se desenvolve, en materia de incapacidades laborais do sistema da Seguridade Social, a Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e de orde social, e ás disposicións de desenvolvemento deste real decreto.

Artigo 8. *Resolución do procedemento.*

1. Os directores provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social deberán ditar resolución expresa en todos os procedementos incoados, e recoñecerán, se for o caso, as prestacións que correspondan ao grao de incapacidade permanente total ou incapacidade permanente absoluta recoñecido ao interesado, conforme o disposto no artigo 194 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, sempre que concorran e se acrediten o resto de condicións e requisitos exixidos en cada caso.

Non obstante, cando a resolución non se dite no prazo de cento trinta e cinco días, computados desde a data de presentación da solicitude na dirección provincial correspondente do Instituto Nacional da Seguridade Social, a solicitude entenderase denegada por silencio administrativo, caso en que o interesado poderá exercer as accións que lle confire o artigo 71 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social.

2. Declarada a incapacidade permanente, o feito causante desta entenderase producido na data da resolución do órgano competente do Ministerio de Defensa ou do Ministerio do Interior en que se declare o cesamento da relación de servizos profesionais, e os efectos económicos da correspondente pensión iniciaranse ao día seguinte, sempre que a solicitude se presentase dentro dos tres meses seguintes á citada resolución. Noutro caso, os efectos económicos produciranse cunha retroactividade máxima de tres meses contados desde a data da solicitude.

3. As resolucións administrativas a que se refire o número 1 deste artigo serán inmediatamente executivas.

Artigo 9. *Revisión de grao.*

Toda resolución, inicial ou de revisión, da entidade xestora pola que se recoñeza o dereito ás prestacións de incapacidade permanente, no grao de incapacidade permanente total ou absoluta, ou se confirme o grao recoñecido previamente, fará constar necesariamente o prazo a partir do cal se poderá instar a revisión por agravación ou melloría do estado invalidante, nos termos e condicións previstos no artigo 200.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

As revisións fundadas en erro de diagnóstico poderanse levar a cabo en calquera momento, sempre que o interesado non cumprise a idade ordinaria de xubilación que lle corresponda.

Artigo 10. *Compatibilidade.*

Naqueles supostos en que o beneficiario dunha pensión de incapacidade permanente total derivada de acto de servizo compatibilice a súa percepción cunha actividade por conta propia ou allea, distinta á que viña realizando para o Estado, procederase de novo ao cálculo do complemento extraordinario de pensión con cargo ao orzamento do Estado de acordo coas normas do réxime de clases pasivas do Estado.

*Sección 2.ª Morte e supervivencia**Artigo 11. Prestacións.*

En caso de falecemento, o persoal comprendido no artigo 2 poderá causar dereito a prestacións de viuvez, orfandade ou en favor de familiares de acordo coa normativa do réxime xeral da Seguridade Social, sen prexuízo das particularidades establecidas en caso de falecemento en acto de servizo.

Artigo 12. Procedemento para o recoñecemento do dereito ás prestacións económicas.

1. Cando o falecemento do causante se produza por enfermidade común ou accidente non laboral, os beneficiarios que se consideren con dereito a prestacións do réxime xeral da Seguridade Social, ou os seus representantes legais, poderán solicitar as correspondentes prestacións ante o Instituto Nacional da Seguridade Social.

2. En todo caso, corresponderá á dita entidade xestora, a través do Equipo de Valoración de Incapacidades, a avaliación da incapacidade para o traballo para efectos do recoñecemento da condición de beneficiario do dereito ás prestacións por morte e supervivencia.

3. Os directores provinciais do Instituto Nacional da Seguridade Social deberán ditar resolución expresa en todos os procedementos incoados para o efecto e recoñecerán as prestacións que correspondan.

*Sección 3.ª Particularidades en relación coas prestacións derivadas de acto de servizo**Artigo 13. Prestacións.*

No suposto de incapacidade permanente ou falecemento en acto de servizo declarado pola autoridade competente do Ministerio de Defensa ou do Interior, recoñecerase ao persoal das Forzas Armadas ou das forzas e corpos de seguridade do Estado, ou aos seus familiares con dereito a pensión, a pensión que corresponda conforme a normativa do réxime xeral da Seguridade Social, así como un complemento extraordinario de pensión equivalente á diferenza entre o importe da pensión por continxencias profesionais da Seguridade Social e a contía da pensión extraordinaria que polo mesmo feito correspondese, se for o caso, en aplicación das normas do réxime de clases pasivas do Estado.

Artigo 14. Especialidades do procedemento para o recoñecemento das prestacións económicas derivadas da incapacidade permanente por acto de servizo.

O procedemento para o recoñecemento das prestacións económicas derivadas da incapacidade permanente por acto de servizo será o descrito na sección 1.ª do capítulo II deste real decreto, coas especialidades que se describen a seguir:

a) Persoal das Forzas Armadas e da Garda Civil:

1.º Unha vez ditada pola autoridade competente do Ministerio de Defensa a resolución que declare que a incapacidade permanente se produciu en acto de servizo ou como consecuencia del, ou en atentado terrorista, notificarase ao interesado a resolución correspondente, que irá acompañada do informe técnico de antecedentes en que se basee a dita resolución. Á citada resolución xuntarase a certificación emitida pola Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa en que conste o importe mensual e anual da pensión extraordinaria que na data de cesamento da relación de servizos correspondese ao interesado de terlle sido de aplicación o réxime de clases pasivas do Estado.

2.º O recoñecemento das pensións efectuarase por solicitude do interesado no modelo oficial correspondente, que se deberá presentar ante o Instituto Nacional da Seguridade Social ou a mutua colaboradora coa Seguridade Social, en función de quen

teña asumida a cobertura da continxencia profesional. No suposto de que estea asumida pola entidade colaboradora, esta incorporárase ao procedemento como parte interesada e achegará, pola súa vez, o expediente previo e farao chegar á dirección provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social correspondente ao domicilio do interesado.

Á solicitude deberase xuntar, ademais da documentación exixida nela, a resolución do órgano competente do Ministerio de Defensa e os documentos que se prevén no artigo 4.3, así como a resolución e os demais documentos mencionados no ordinal anterior.

b) Persoal da Policía Nacional:

1.º Unha vez ditada pola autoridade competente do Ministerio do Interior, logo de informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a resolución que declare que a incapacidade permanente se produciu en acto de servizo ou como consecuencia deste, ou en atentado terrorista, notificárase ao interesado a resolución correspondente. Á citada resolución xuntárase a certificación emitida pola Dirección Xeral da Policía, logo de informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en que conste o importe mensual e anual da pensión extraordinaria que na data de cesamento da relación de servizos lle correspondese ao interesado de terlle sido de aplicación o réxime de clases pasivas do Estado.

2.º O recoñecemento das pensións efectuarase mediante solicitude do interesado no modelo oficial correspondente, presentada ante o Instituto Nacional da Seguridade Social ou a mutua colaboradora coa Seguridade Social, en función de quen teña asumida a cobertura da continxencia profesional. No suposto de que estea asumida pola entidade colaboradora, esta incorporárase ao procedemento como parte interesada e proporcionará, pola súa vez, o expediente previo e farao chegar á dirección provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social correspondente ao domicilio do interesado.

Á solicitude deberase xuntar, ademais da documentación exixida nela, a resolución do órgano competente do Ministerio do Interior e os documentos que se prevén no artigo 5.3, así como a resolución e os demais documentos mencionados no ordinal anterior.

Artigo 15. Especialidades do procedemento para o recoñecemento das prestacións económicas derivadas de falecemento por acto de servizo.

O procedemento para o recoñecemento das prestacións económicas derivadas do falecemento por acto de servizo será o descrito na sección 2.ª do capítulo II deste real decreto, coas especialidades que se recollen a continuación:

a) Persoal das Forzas Armadas e da Garda Civil:

1.º Unha vez ditada pola autoridade competente do Ministerio de Defensa a declaración de que o falecemento se produciu en acto de servizo ou como consecuencia del, ou en atentado terrorista, notificárase aos familiares do causante a resolución correspondente, que irá acompañada do informe técnico de antecedentes en que se basee a dita resolución.

Os beneficiarios do falecido en acto de servizo que se consideren con dereito a pensión do réxime xeral da Seguridade Social solicitarán á Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa a emisión dun certificado en que conste o importe mensual e anual da pensión extraordinaria que lles correspondería na data de falecemento do causante, de terlle sido de aplicación a este o réxime de clases pasivas do Estado.

2.º O recoñecemento das pensións efectuarase mediante solicitude do interesado, presentada ante o Instituto Nacional da Seguridade Social ou a mutua colaboradora coa Seguridade Social, en función de quen teña asumida a cobertura da continxencia profesional.

Á solicitude deberase xuntar, ademais da documentación recollida nela, a resolución do órgano competente do Ministerio de Defensa en que declare o falecemento en acto de

servizo ou en atentado terrorista, xunto co informe técnico de antecedentes en que se basee a dita resolución e a certificación emitida pola Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa mencionada no ordinal anterior.

b) Persoal da Policía Nacional:

1.º Unha vez ditada pola autoridade competente do Ministerio do Interior, logo de informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a declaración de que o falecemento se produciu en acto de servizo ou como consecuencia deste, ou en atentado terrorista, notificárase aos familiares do causante a resolución correspondente.

Os beneficiarios do falecido en acto de servizo que se consideren con dereito a pensión do réxime xeral da Seguridade Social solicitarán á Dirección Xeral da Policía a emisión dun certificado, logo de informe vinculante da Dirección Xeral de Custos de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en que conste o importe mensual e anual da pensión extraordinaria que lles correspondería na data de falecemento do causante, de terlle sido de aplicación a este o réxime de clases pasivas do Estado.

2.º O recoñecemento das pensións efectuarase por solicitude do interesado, que se deberá presentar ante o Instituto Nacional da Seguridade Social ou a mutua colaboradora coa Seguridade Social, en función de quen teña asumida a cobertura da continxencia profesional.

3.º Á solicitude deberase xuntar, ademais da documentación recollida nela, a resolución prevista no ordinal 1.º

O recoñecemento das prestacións corresponderá ao Instituto Nacional da Seguridade Social ou á mutua colaboradora coa Seguridade Social, en función de quen teña asumida a cobertura da continxencia profesional.

Artigo 16. *Financiamento.*

A diferenza de gasto producida entre os importes das pensións derivadas de continxencias profesionais que correspondan en aplicación da normativa do réxime xeral de Seguridade Social e a contía das pensións extraordinarias que polo mesmo feito causante correspondesen en aplicación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, financiarase con cargo ao crédito orzamentario da sección 07 de clases pasivas do orzamento de gastos do Estado. As citadas achegas terán carácter mensual e ordenaranse por doceavas partes do crédito inicial.

Disposición adicional primeira. *Financiamento de pensións derivadas de atentado terrorista.*

As pensións derivadas de atentado terrorista causadas polo persoal incluído no ámbito de aplicación deste real decreto non lles resultará de aplicación o sistema de financiamento previsto no artigo 6 do Real decreto 1576/1990, do 7 de decembro, polo que se regula a concesión no sistema da Seguridade Social de pensións extraordinarias motivadas por actos de terrorismo, e seralles de aplicación o disposto no artigo 16 deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Declaración das continxencias profesionais.*

Os actos de servizo que orixinen o recoñecemento ao persoal incluído no ámbito de aplicación deste real decreto de prestacións derivadas de continxencias profesionais deberán ser declarados e notificados polos órganos competentes do Ministerio de Defensa e do Ministerio do Interior, a través dos sistemas de información de declaración de continxencias profesionais vixentes en cada momento que se determinen.

Disposición adicional terceira. *Coordinación dos equipos de valoración de incapacidades, xuntas médico periciais, órganos periciais especializados en materia de saúde da Garda Civil e tribunais médicos.*

O secretario de Estado da Seguridade Social, oídos os órganos competentes dos ministerios de Defensa e do Interior, poderá ditar as resolucións necesarias para coordinar as actuacións dos equipos de valoración de incapacidades, xuntas médico periciais, órganos periciais especializados en materia de saúde da Garda Civil e tribunais médicos.

Disposición transitoria primeira. *Vixencia transitoria de normativa anterior.*

As referencias contidas neste real decreto aos equipos de valoración de incapacidades do Instituto Nacional da Seguridade Social entenderanse feitas á Comisión de Avaliación de Incapacidades do Instituto Nacional da Seguridade Social naquelas provincias onde aínda non se constituíron os referidos equipos e mentres non se constituán e entren en funcionamento.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio de determinadas referencias normativas.*

En canto non se produza a entrada en vigor do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, as referencias efectuadas nos artigos 3.2, 6.1.a), 8.1 e 9 deste real decreto aos artigos 196.4, 194 e 200.2 do dito texto refundido entenderanse efectuadas aos artigos 139.4, 137 e 143.2, respectivamente, do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Así mesmo, as referencias efectuadas na parte expositiva deste real decreto á disposición adicional terceira do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, deberanse entender efectuadas ao artigo 20 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento xeral do mutualismo administrativo, aprobado polo Real decreto 375/2003, do 28 de marzo.*

Engádesse unha nova disposición adicional, a décimo segunda, ao Regulamento xeral do mutualismo administrativo, aprobado polo Real decreto 375/2003, do 28 de marzo, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Valoración das lesións permanentes non invalidantes dos funcionarios da Policía Nacional.*

Para efectos do recoñecemento pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívicos do Estado das prestacións previstas no artigo 110 deste regulamento, os ditames emitidos polo Tribunal Médico da Policía para a avaliación das aptitudes psicofísicas dos funcionarios da Policía Nacional, con independencia da súa inclusión no réxime

xeral da Seguridade Social ou no réxime de clases pasivas do Estado, nos casos en que determinen a existencia de lesións permanentes non invalidantes incluírán a súa valoración conforme o baremo legalmente establecido.»

Disposición derradeira terceira. *Facultades de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar as normas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento deste real decreto, así como para a coordinación dos procedementos necesarios para a aplicación da norma.

Facúltanse tamén os ministros de Defensa, do Interior e de Facenda e Administracións Públicas para, no ámbito das súas respectivas competencias, ditar as normas necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, o disposto na sección 3.^a do capítulo II será de aplicación aos feitos causantes acaecidos desde o 1 de xaneiro de 2011.

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN